



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 07 DE MARZO

1. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00004298F.

Licenza obra maior

Acórdase conceder á Fundación Benéfico Docente Modesto Anido licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto técnico con selo de visado de data 20/12/2021, cun orzamento de execución material de 18.216,28 €, a demolición de edificacións auxiliares na Rúa da Porta da Pena, nº 9 Santiago de Compostela (A Coruña).

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00035216S.

Licenza obra maior

Acórdase conceder licenza para o proxecto básico presentado o 21/07/2021 e a documentación complementaria presentada o 27/08/2021, 07/10/2021, 07,09 e 12 e 27/12/2021, cun orzamento de execución material de 119.954,9 €.

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00056062T

Licenza obra maior

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto técnico de data de visado do 02/12/2021, cun orzamento de execución material de 3.426,78 €. o derribo dun galpón sito en Nemenzo de Arriba num 4, Santiago de Compostela (A Coruña).

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00049248V.

Licenza obra maior

Acórdase:

Primeiro: Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 13/01/2022, outorgada ante Notario co número de protocolo 25. Deberase presentar a escritura liquidada no prazo dun mes.

Segundo: Conceder licenza para o proxecto básico de data de visado do 28/10/2022 e a documentación complementaria presentada o 17/01/2022 cun orzamento de execución material de 145.000,00 €.

5. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: LAP/529/2019.

Licenza de obras de reforma e ampliación para hotel na Rúa da Codeseira de Vidán, 1.

Acórdase CONCEDER a SYSTMPLAC GIPS, S.L. licenza de OBRAS DE REFORMA E AMPLIACIÓN para hotel na RUA DA CODESEIRA DE VIDAN, nº 1 de SANTIAGO DE COMPOSTELA, segundo Proxecto básico con rexistro de 21/11/2019 e Proxecto de execución e anexo visado polo COAG con data de 10/09/2021 e 02/12/2021, cun orzamento de execución material de 390.000,00 euros.

As actuacións consistirán en reforma e ampliación de edificación de dous plantas para uso de hotel de 41 prazas cunha superficie construída total de 1005,11 m², ocupación en planta de 585,15 m² e altura máxima de 9,93 metros.

A edificación está situada en solo clasificado como rústico no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza 19 de solo rústico de especial protección de augas.

6. PLANEAMENTO. Referencia: 2022/00009598V.

Requirimento de cumprimento de deberes urbanísticos en relación co local da Rúa República del Salvador, 12 con referencia catastral 7172906NH3477C0063DW.

Acórdase:

Primeiro. REQUIRIR Á TITULAR REXISTRAL do local, así como aos que dela traian causa, a fin de que, no prazo máximo de UN MES, procedan a outorgar os documentos públicos ou administrativos precisos para inscribir no Rexistro da Propiedade o citado local a nome do CONCELLO DE SANTIAGO, co carácter de equipamento de dominio público, libre de cargas. Transcorrido o prazo sinalado, sen que se teñan efectuado as actuacións pertinentes, a administración municipal aplicará o procedemento regulado no artigo 31 do RD 1093/1997 para inscribir o local a nome do Concello de Santiago, co carácter de cesión obrigatoria segundo o disposto no artigo 30.2 do citado Real Decreto.

Segundo. Solicitar do Rexistro da Propiedade nº 2 a inscrición do presente acordo, consonte ao disposto no artigo 1.8 do RD 1093/1997, facendo constar a afección do local ao cumprimento dos deberes establecidos na *Modificación puntual do Plan xeral para a creación da Ordenanza especial OE-7*, aprobada definitivamente o 29.06.2000, hoxe incorporada ao vixente Plan xeral de ordenación municipal (PXOM).

7. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00047334N.

Revisión do IPC da renda do contrato de aluguer do local nº 2 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Recadación Executiva).

Acórdase:

Primeiro.- Proceder a revisión do IPC da renda do contrato de aluguer do local nº 2 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Recadación Executiva), segundo as variacións experimentadas polo IPC no período comprendido entre decembro de 2020 e decembro de 2021, que supón un incremento relativo do 6,5%, quedando fixado o prezo do contrato, a partir do 1 de xaneiro de 2022 no importe mensual de 696,24 € mais IVE (842,45 €), e importe anual de 10.109,40 € IVE incluído.

Segundo.- Aprobar e comprometer o gasto correspondente a incremento do IPC para a anualidade 2022 de 616,92 € que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria nº 030 93100 2020000 POLÍTICA ECONÓMICA E FISCAL. ARRENDAMENTOS.

8. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00047409H.

Revisión do IPC da renda do contrato de aluguer do local nº 7 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Atención ao Contribuínte).

Acórdase:

Primeiro.- Proceder a revisión do IPC da renda do contrato de aluguer do local nº 7 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Atención ao Contribuínte), segundo as variacións experimentadas polo IPC no período comprendido entre decembro de 2020 e decembro de 2021, que supón un incremento relativo do 6,5%, quedando fixado o prezo do contrato, a partir do 1 de xaneiro de 2022 no importe mensual de 646,20 € mais IVE (781,90 €), e importe anual de 9.382,80 € IVE incluído.

Segundo.- Aprobar e comprometer o gasto correspondente a incremento do IPC para a anualidade 2022 de 572,64 € que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria nº 030 93100 2020000 POLÍTICA ECONÓMICA E FISCAL. ARRENDAMENTOS.

9. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00047383S.

Revisión do IPC da renda do contrato de aluguer do local nº 8 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Atención ao Contribuínte).

Acórdase:

Primeiro.- Proceder a revisión do IPC da renda do contrato de aluguer do local nº 8 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Atención ao Contribuínte), segundo as variacións experimentadas polo IPC no período comprendido entre decembro de 2020 e decembro de 2021, que supón un incremento relativo do 6,5%, quedando fixado o prezo do contrato, a partir do 1 de xaneiro de 2022 no importe mensual de 728,43 € mais IVE (881,40 €), e importe anual de 10.576,80 € IVE incluído.

Segundo.- Aprobar e comprometer o gasto correspondente a incremento do IPC para a anualidade 2022 de 645,60 € que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria nº 030 93100 2020000 POLÍTICA ECONÓMICA E FISCAL ARRENDAMENTOS.

10. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00036163L.

Prórroga e revisión IPC contrato de alugamento do local de 90 m2 sito na Rúa Santa Cristina nº 22 baixo para uso sociocultural do Casco Histórico

Acórdase:

Primeiro.- Prorrogar o contrato de alugamento do local de 90 m2 sito na Rúa Santa Cristina nº 22 baixo para uso sociocultural do Casco Histórico, polo prazo de SEIS MESES a contar desde o 1 de abril de 2022 ata o 30 de setembro de 2022. Importe mes: 897,07 € máis IVE (1.085,45 €).

Segundo.- Aprobar e comprometer un gasto por importe de 6.512,70 € (01/04/2022 ata 30/09/2022) que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria nº 040 33403 2020000 CSC. ARRENDAMENTOS EDIFICIOS E OUTRAS CONSTR, no que existe crédito adecuado e suficiente en dito exercicio.

11. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00032268B.

Adxudicación do contrato que ten por obxecto a “Instalación de alumeado público en Figueiras”.

Acórdase:

Primeiro: Adxudicar o contrato que ten por obxecto a Instalación de alumeado público en Figueiras, a VALDONAIRE SOLUCIONES TÉCNICAS, SL, por un importe total de **44.044,00 €** (Base imponible: 36.400,00 €, IVE do 21%: 7.644,00 €), para o que deberá adscribir como parte do equipo de traballo un técnico (medio/superior) especialista en electricidade con dedicación de alomenos o 50% da xornada. O prazo de garantía das luminarias a instalar establecece en 10 anos. A unidade de Benestar Medioambiental e Servizos básicos e comunitarios será a encargada do seguimento e control ordinario do contrato, e adscríbese a este cometido ao técnico municipal que corresponda por razón da materia.

Segundo: Comprometer o gasto que financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 020 16500 6090001 2021 2 INVAL 4 1 INVESTIMENTOS EN ALUMEADO PÚBLIC. conforme a seguinte anualidade e importe.

Anualidade 2022: 44.044,00 euros.

12. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00052189Z.

Aprobación do expediente denominado “Redacción de proxecto e dirección facultativa das obras “Recuperación do Campus Sur para o cidadán”, apertura do procedemento e aprobación do gasto.

Acórdase:

Primeiro.- Aprobar o expediente denominado “Redacción de proxecto e dirección facultativa das obras “Recuperación do Campus Sur para o cidadán” “e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de **53.696,42 euros** (44.377,21 euros + IVE 21 que ascende a 9.319,21 euros).

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente a este contrato que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 030 15321 6190000 EDUSI OUTROS INVEST. REPOSIC. INFRAES. E BENS DE USO XRAL. Código de Proxecto: 2017 2 EDUSI 11.

Este proxecto está cofinanciado polo PO FEDER 2014-2020 nun 80% dentro do OT 9 da EDUSI "RE-VIVE".

Cunha ampliación de prazo para ampliar proxecto...

13. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00008260J.

Renovación de autorización de venda ambulante. Artesanía.

Acórdase acceder ao solicitado por M.R.R.C. e proceder á renovación para o ano 2022 da autorización de venda ambulante de ARTESANIA da que é titular.

14. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00009963Z.

Renuncia a posto de venda ambulante temporada. (Recordos).

Acórdase aceptar a renuncia á autorización para o exercizo da venda ambulante de produtos de temporada (recordos) na vía pública, outorgada a M.G.F. por acordo da Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela o 28 de xuño de 2021.

15. EDUCACIÓN. Referencia: 2022/00008145J.

Aprobación das Bases da XIV Edición dos Premios Educacompostela de recursos educativos en prol da innovación, da calidade educativa e da renovación pedagóxica.

Acórdase:

1.- Aprobar as bases da convocatoria da XIV edición dos Premios Educacompostela de recursos didácticos en prol da innovación, da calidade educativa e da renovación pedagóxica que convoca o Departamento de Educación do Concello de Santiago coa colaboración pedagóxica de Nova Escola Galega.

2.- Imputar os gastos derivados desta convocatoria, por importe de 2.700,00 euros, á partida económica 080 32600 4890100 dos orzamentos do 2021 prorrogados ao 2022.

Primeiro premio: 1.200,00 €

Segundo premio: 900,00 €

Terceiro premio: 600,00 €

TOTAL 2.700,00 €

16. ATESTADOS. Referencia: 2022/00006985A.

Aprobación dun convenio de colaboración con Decathlon para actividades de educación viaria.

Apróbase o texto do convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e DECATHLON ESPAÑA, SA para o desenvolvemento de actividades formativas no ámbito da seguridade viaria e a prevención de accidentes no relativo ao manexo e condución de bicicletas.

17. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00009780S.

Dación á Xunta de Goberno Local de sentenzas recaídas nos procedementos PA 219/2021 PA 221/2021 PA 222/2021 PA 223/2021 PA 224/2021 do CA1.

Dase conta das sentenzas, parcialmente favorables para o Concello, non recorribles en apelación. Os 5 demandantes son policía locais que reclamaron percibir as retribucións complementarias (complementos de destino e específico) durante o período en prácticas no 2020, co argumento de que durante dito período realizaron as mesmas funcións e en igualdade de condicións que o resto de compañeiros. A solicitude viña de ser desestimada na vía administrativa por Decreto do 09.03.2021, con base no informe da xefatura da Policía Local, do 18.02.2020.

Ademais, nestes PA reclamábanse tamén as axudas de custo por desprazamento e manutención, xa que durante os estados de alarma declarados polo Goberno, a AGASP suspendera o réxime de pernocta nas súas instalacións, debendo desprazarse todos os días para facer o curso de formación.

A representación municipal solicitou a desestimación da demanda con base nos seguintes argumentos:

1. O período en prácticas ten por finalidade o aprendizaxe dun oficio; polo que os funcionarios nesa categoría deben desenvolver funcións policiais, pero ilo non significa que desempeñen todas as funcións.
2. Informe AGASP: durante este período non son axentes da autoridade, o que supón que non poidan asinar de forma illada boletíns de denuncia, ao non gozar da presunción de veracidade.
3. Non visten o mesmo uniforme: portan os distintivos da AGASP, non do Concello.
4. Non portan arman regulamentaria.
5. Nos cuadrantes pode comprobarse que nas patrullas sempre van acompañados dun policía de carreira: nunca saen dos policías en prácticas xuntos.

As sentenzas estiman as pretensións dos demandantes: aínda que constan acreditados os distintivos diferentes, así como a falta de arma e a falta de PDA para poder sancionar; considera o Xulgado que a testifical practicada “foi rotunda” e acreditou que levaban a cabo as mesmas funcións que os funcionarios de carreira, incluso de forma individual. Tamén afirman ditas sentenzas que os partes diarios poñen de manifesto o desempeño de funcións propias de calquera policía local. E cuestionan que “non se teña acreditado a efectiva supervisión das actuacións”.

Esta representación non está conforme con estes pronunciamentos:

1. Por cada demandante declarou unha única testemuña, que ademais confirmou: a. Compartir un único servizo co demandante, durante todo o período cuestionado.
b. Que compartiu servizo co demandante na “unidade operativa”, descoñecendo se o interesado tiña prestado servizo en outras unidades durante ese período.
2. Non poden desempeñar todas as funcións propias dende o momento no que as denuncias asinadas deben acompañar, necesariamente, a dun policía que si teña a condición de axente da autoridade.

Non obstante, pode afirmarse que dos argumentos destas sentenzas poden “extraerse” os criterios seguidos polo xulgado; de forma que “corrixindo” aqueles, poderá evitarse no futuro este tipo de sentenzas; sen prexuízo da súa distinta consideración na vía administrativa.

Polo que respecta ás axudas de custo, o Xulgado remítese ao disposto no RD 462/2002 para desestimar as pretensións, ao considerar que só dan acceso a aquelas os curso de formación para o ascenso ou promoción, pero non para o ingreso, como son estes casos.

Contra estas resolucións non cabe interpoñer recurso de apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento das sentenzas.
2. Remitir ao Servizo de Persoal para a súa execución.

18. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00009776B.

Dación de conta á Xunta de Goberno Local das sentenzas recaídas nos procedementos PA 277, 278, 283 e 284/2020 CA1.

Dase conta das sentenzas, desfavorables para o Concello, non recorribles en apelación.

Os 4 demandantes son policías locais que reclamaron percibir as retribucións complementarias (complementos de destino e específico) durante o período en prácticas no 2019, co argumento de que durante dito período realizaron as mesmas funcións e en igualdade de condicións que o resto de compañeiros. A solicitude viña de ser desestimada na vía administrativa por Decreto do 01.06.2020, con base no informe da xefatura da Policía Local, do 18.02.2020.

A representación municipal solicitou a desestimación da demanda con base nos seguintes argumentos:

1. O período en prácticas ten por finalidade o aprendizaxe dun oficio; polo que os funcionarios nesa categoría deben desenvolver funcións policiais, pero ilo non significa que desempeñen todas as funcións.
2. Informe AGASP: durante este período non son axentes da autoridade, o que supón que non poidan asinar de forma illada boletíns de denuncia, ao non gozar da presunción de veracidade.
3. Non visten o mesmo uniforme: portan os distintivos da AGASP, non do Concello.
4. Non portan arman regulamentaria.

5. Nos cuadrantes pode comprobarse que nas patrullas sempre van acompañados dun policía de carreira: nunca saen dos policías en prácticas xuntos.

As sentenzas estiman as pretensións dos demandantes: aínda que constan acreditados os distintivos diferentes, así como a falta de arma e a falta de PDA para poder sancionar; considera o Xulgado que a testifical practicada “foi rotunda” e acreditou que levaban a cabo as mesmas funcións que os funcionarios de carreira, incluso de forma individual. Tamén afirman ditas sentenzas que os partes diarios poñen de manifesto o desempeño de funcións propias de calquera policía local. E cuestionan que “non se teña acreditado a efectiva supervisión das actuacións”.

Esta representación non está conforme con estes pronunciamentos:

1. Por cada demandante declarou unha única testemuña, que ademais confirmou:
 - a. Compartir un único servizo co demandante, durante todo o período cuestionado.
 - b. Que compartiu servizo co demandante na “unidade operativa”, descoñecendo se o interesado tiña prestado servizo en outras unidades durante ese período.
2. Non poden desempeñar todas as funcións propias dende o momento no que as denuncias asinadas deben acompañar, necesariamente, a dun policía que si teña a condición de axente da autoridade.

Non obstante, pode afirmarse que dos argumentos destas sentenzas poden “extraerse” os criterios seguidos polo xulgado; de forma que “corrixindo” aqueles, poderá evitarse no futuro este tipo de sentenzas; sen prexuízo da súa distinta consideración na vía administrativa.

Contra estas resolucións non cabe interpoñer recurso de apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento das sentenzas.
2. Remitir ao Servizo de Persoal para a súa execución.

19. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00009738L.

Dación de conta á Xunta de Goberno Local da sentenza recaída no Procedemento Abreviado 386/2017 ditada polo Xulgado Contencioso Administrativo núm.1

Dase conta do PA número 386/2017 Xulgado do Contencioso-administrativo Número 1 de Santiago de Compostela.

RECORRENTE: Administración Xeral do Estado

OBXECTO: pago xustiprezo por expropiación parcial

No asunto de referencia e con data do 29 de marzo foi ditada Sentenza co seguinte faio:

“Que con estimación del recurso contencioso-administrativo interpuesto por la Dirección General del Patrimonio del Estado frente a la resolución de 23 de junio de 2017 desestimando la solicitud de pago del justiprecio correspondiente a la expropiación de parte (110 m2) de una parcela propiedad de la Administración General del Estado, declaro la no conformidad a derecho de esa resolución administrativa, declarando el derecho de la actora a percibir 346,50 euros, e intereses legales. Con imposición de costas a la demandada.”

A sentenza é desfavorable aos intereses municipais e contra a mesma non cabe a interposición de recurso de apelación.

A sentenza estima a pretensión do Estado, e non ten en conta as alegacións do Concello, fundamentalmente que o expediente expropiatorio se tiña tramitado correctamente, que a non identificación do titular da parcela no Rexistro da Propiedade era imputable ao Estado, e sobretudo que ao abeiro do artigo 15 da Lei Xeral Orzamentaria o seu dereito a reclamar xa tiña prescrito.

Acórdase:

1. Dar traslado da sentenza ao Servizo de Expropiacións, para a súa execución.
2. Requirir a dito servizo para que unha vez executada a sentenza dea traslado das resolucións á Asesoría Xurídica, para que poidan ser remitidas ao xulgado.
3. Incoar expediente para reclamar a cantidade incorrectamente satisfeita aos propietarios da finca colindante.

20. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00011555V.

Dar conta da certificación do Consorcio de Santiago do punto 10 do seu Consello de administración de data 17.12.21, relativo á prorroga da encomenda de xestión do multiusos Fontes do Sar.

Tómase coñecemento da certificación do acordo adoptado polo Consello de administración do Consorcio de Santiago con data 17 de decembro de 2021, relativo á prorroga expresa do convenio de colaboración entre o Consorcio de Santiago e o Concello de Santiago para a xestión do complexo deportivo “Multiusos Fontes do Sar” ata o 19 de maio de 2023.

21. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00011555V.

Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 25 de febreiro ao 3 de marzo de 2022.

URXENCIAS

22. Proposta de acordo XG para interposición demanda contra Banco Santander e outros para acción en defensa do local municipal sito en R.República do Salvador, 12.

Acórdase:

PRIMEIRO: INTERPOÑER DEMANDA contra Banco Santander S.A.; Inversiones Inmobiliarias CANVIVES SAU e BROS NOROESTE S.L., en exercizo das seguintes accións en defensa do local MUNICIPAL sito en Rúa República do Salvador número 12, finca rexistral 44.376 do Rexistro da Propiedade número 2 de Santiago de Compostela:

☐ Acción nulidade do acto de distribución da carga hipotecaria celebrado o 04/08/2008 e de cancelación da inscrición rexistral correspondente. (Consideración xurídica 3ª do informe de Zamorano & Peleteiro)

☐ Acción declarativa de dominio do Concello de Santiago de Compostela sobre o local con solicitude de adopción de medida cautelar de suspensión da toma de posesión do local polo adxudicatario da subasta/remate “ Inversiones Inmobiliarias Canvives SAU” e prohibición de dispoñer ou gravar o local dado o seu carácter demanial.

☐ Acción de nulidade do procedemento de execución hipotecaria número 199/2014 ao terse realizado sobre un ben extracomercium, inalienable e inembargable por ser demanial.

☐ Acción de cumprimento do aval fronte ao Banco de Santander S.A. para o aboamento da parte restante (245.095,46 €) (Consideración xurídica 3ª do informe de Zamorano & Peleteiro)

SEGUNDO: Inscrición das demandas no Rexistro da Propiedade xunto coa prohibición de disposición do ben por parte do adxudicatario do remate dado o seu carácter demanial

TERCEIRO: Facultar á Asesoría xurídica municipal para que, no seu leal saber e entender e na especialidade do seu cometido e materia, adopte calquera outra actuación que considere axeitada en dereito en defensa dos intereses municipais.

23. Aceptar comunicación de subrogación de REDWOOD EFICIENCIA ENERGÉTICA, S., nos dereitos e obrigas dimanantes do contrato de mantemento da iluminación pública, instalacións eléctricas dos locais municipais e instalacións de alumeado municipal ornamental dos monumentos do concello de Santiago de Compostela que correspondían a FERROVIAL SERVICIOS, SAU e tomar razón do cambio de denominación social de REDWOOD EFICIENCIA ENERGÉTICA, S.L que pasa a denominarse FERROVIAL SERVICIOS ENERGÉTICOS, SL.

Acórdase:

Primeiro: Aceptar a comunicación de subrogación de REDWOOD EFICIENCIA ENERGÉTICA, S.L nos dereitos e obrigas dimanantes do contrato de *mantemento da iluminación pública, instalacións eléctricas dos locais municipais e instalacións de alumeado municipal ornamental dos monumentos do concello de Santiago de Compostela* que correspondían a FERROVIAL SERVICIOS, SAU

Segundo: Tomar razón do cambio de denominación social de REDWOOD EFICIENCIA ENERGÉTICA, S.L que pasa a denominarse FERROVIAL SERVICIOS ENERGÉTICOS, de tal xeito toda clase de dereitos e obras pendentes e futuras que vinculen a este concello co contrato *de mantemento da iluminación pública, instalacións eléctricas dos locais municipais e instalacións de alumado municipal ornamental dos monumentos* se entenderán FERROVIAL SERVICIOS ENERGÉTICOS, SL, con domicilio social en Calle Ribera del Loira,42 (Edf.2) 28042 Madrid.

Terceiro: Notificar este acordo:

✓ A FERROVIAL SERVICIOS ENERGÉTICOS, SL, con enderezo en rúa Ribera del Loira,42 (Edf.2) 28042 Madrid.

✓ Á Intervención municipal para a súa toma de razón.

24. Designación de representantes do municipais na Comisión de Escolarización para o curso 202- 2023.

Acórdase designar ao Concelleiro Delegado de Educación, don Rubén Prol Mariño, como representante municipal na Comisión de Escolarización para o curso 2022-2023 e, como suplente, á directora do Departamento de Educación, dona Beatriz Varela Morales.

25. Modificación das normas de xestión de axudas sociais. Proposta sindical de modificación das normas de xestión de axudas sociais ao persoal municipal.

Acórdase:

Primeiro.- A aprobación da modificación das normas de xestión de axudas sociais ao persoal municipal, de conformidade co texto que se xunta ao presente informe proposta.

Segundo.- A aprobación do cadro de importes que se aplicarán para as axudas correspondentes aos gastos efectuados no ano 2021 (convocatoria pendente de abrir lo prazo de presentación de solicitudes) e sucesivos mentres non sexan modificados.

Terceiro.- Unha vez aprobada a nova normativa modificada, publicarase íntegramente no *Boletín Oficial da Provincia de A Coruña*.

26. Dación de conta da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago e Abanca Corporación Bancaria S.A para a entrega e distribución dos fondos das axudas do Programa de dinamización e incentivación do consumo no comercio e hostalería da contorna da rúa dos Concheiros, a través dos bonos Corazón Concheiros.

Tómase conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e Abanca Corporación Bancaria S.A para a entrega e distribución dos fondos das axudas do Programa de dinamización e incentivación do consumo no comercio e hostalería da contorna da rúa dos Concheiros, a través dos bonos Corazón Concheiros.